



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNIS DEPORTIVAS, O DÍA 30 DE XULLO 2020.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.

Adolfo Puch Domínguez

Árbitros

Domínguez Iglesias, Manuel
Freixeiro López, Xose Lois
Leirós Gutiérrez, Raúl

Deportistas

Merino Encinas, Jose Miguel
Outón Nieto, Pedro
Expósito Alonso, Jesús
Faro Fortes, José Luis
Maestú Almeida, Josefina
Rodríguez Pequeño, Ignacio
Fernández Rey, Fernando

CLUBES

Clube Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Montaña Xistra
Club Montañeiros Celtas
Club Nosas Rutiñas
Clube Montaña Ribeira Sacra

PRESIDENTE / REPRESENTANTE

Carlos Garrido Costas
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle
Carmen Pérez Orge
José Carlos Rodríguez Pérez
Xosé Antón Vázquez Pérez

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez
Manuel Domínguez Iglesias
José Manuel Pérez Prego
Xosé Carlos Rodríguez Pérez

Tesoureiro
Secretario Xeral e Vicepresidente
Director Técnico da F.G.M.
Vocal de Refuxios e Montañismo

- Apertura da Asemblea.

As 20:00H en segunda convocatoria, comeza a reunión dando o Presidente D. Adolfo Puch a benvida ós asistentes agradecendo a súa asistencia nestes momentos complicados pola pandemia do COVID.

- Lectura e aprobación, se procede, do acta anterior.

Dado que o acta anterior foi remitida coa convocatoria, pregúntase aos asistentes si se pasa a lectura da mesma e se procede a sometela a aprobación.

A Sra. Josefina Maestu enviou un correo electrónico solicitando a realización dalgunhas rectificacións para corrixir o acta resultado da Asemblea anterior, redactando de novo as súas intervencións dentro ou fora da Orde do dfa. O Secretario da F.G.M. Manuel Domínguez rexelta a modificación do Acta, co apoio do informe da Asesoría Xurídica da FGM, no que se



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

considera que o recollido no acta polo Secretario reflexa de maneira resumida o que se propón correxir por parte da Sra. Josefina Maestu.

O non presentarse ningunha outra reclamación por parte dos asistentes, proponse a votación co apunte de que si a votación sae, non favorable, entenderáse que os asembleistas aproban a realización das modificacións propostas pola Sra. Josefina Maestu.

O acta da Asamblea ordinaria do 30 de Novembro de 2019 é aprobada por 10 votos a favor, 5 abstencións e 1 voto en contra da Sra. Josefina Maestu que solicita conste o seu nome na votación.

O Sr. Carlos Garrido fai un recordatorio sobre unha anotación do acta anterior, para que se dote dunha partida económica de 900 ou 1000 euros para o reparto do Baremo, que debido a non realización da Asemblea de Marzo non se engadiu aos orzamentos como quedara recollido no acta.

- **Protocolo e Táboas Fisicovid para as actividades de Clubes e Federación ano 2020**

O Director Técnico José Manuel Pérez Prego presenta o traballo realizado neste sentido e que foi previamente enviado a todos os membros da Asemblea. Este traballo foi ordenado pola Xunta de Galicia para que se poida realizar calquera actividade deportiva federada competitiva ou non competitiva. A estrutura dos protocolos consta dun antes, durante e despois da actividade, afectando as actividades de Carreiras x M, M. Nómica, Alpinismo, Escalada e Sendeirismo. O traballo foi contrastado con diferentes persoas próximas a FGM e baseados nas táboas aportadas pola Xunta e verificado por este mesmo organismo.

Fanse algunas aclaracións aos presentes sobre os contidos e se lles indica que proximamente van ser enviadas a todos os Clubs para que poidan aplicar os protocolos na organización das actividades.

O Sr. Fernando Rey solicita algunas aclaracións sobre a aplicación dos protocolos que son comentados por José Manuel Pérez.

- **Resumen actividades deportivas do 2019**

José Manuel Pérez comenta a participación dos deportistas nas diferentes disciplinas baseándose na documentación enviada aos asembleistas.

O Sr. Pedro Outón solicita o envío un resume de participantes total por actividades, indicando que nas cifras ofrecidas non aparecen os deportistas que participaron en tecnificación.

- **Peche de Contas do ano 2019**

O Tesoureiro Sr. Evaristo Fandiño procede a comentar o incremento das diferentes partidas do immobilizado debido a inversión en diferentes conceptos que vai aclarando aos presentes. Comenta o importe dunha factura emitida a Xunta de Galicia pola campaña de sensibilización da Violencia de Xénero xa cobrada e aplicada segundo o convenio. Vai aclarando as partidas mais importantes que aparecen nos informes remitidos a todos os membros da Asemblea. Tamén indica que se fixeron algúns cambios na contabilización dalgúns partidas para que sexan comparables dunha forma mais clara cos orzamentos e que ainda segue traballando nese sentido para que os informes presentados sexan o mais claros posible. O Sr. Fandiño vai enumerando e comparando os datos contables co orzamento 2019 naquellos partidas mais destacables. Nestes comentarios atópanse algunas variacións respecto aos orzamentos.

A Sra. Josefina Maestu solicita que se siga sempre o mesmo criterio de contabilización, creando aquelas contas que sexa preciso para este fin e que as facturas de autónomos se contabilicen igual que as de empresas para que aparezan nos informes do mesmo xeito.

O Sr. Henrique Freixeiro fai notar que hai partidas de gastos na contabilidade que non están nos orzamentos. Na partida Soldos Promoción deportiva aparecen pagos non asignados a persoas que son técnicos da EGAM facendo traballos de promoción pero que non se pode identificar as persoas. Así mesmo, contrátase a personal Administrativo que non figura nos orzamentos aprobados pola C.D. e Asemblea ao día seguinte da celebración das reunións destes órganos de dirección. O Sr. Freixeiro insiste en que se debe cumplir o orzamento tamén nas partidas de gastos de actividades, nas que hay Clubs que cumpren o orzamento e outros non, pero se lle paga igual.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Apunta que ainda tendo 16.000€ de ingresos de mais o resultado do exercicio é de 8.000€ en perdidas, e afirma que se está a producir unha mala xestión da Federación que non ten xustificación algúna.

O Sr. Pedro Outón consulta cal e a liquidez da Federación e se lle indica que uns 82.000€ aproximadamente.

Procedese a aprobación das contas con 10 votos a favor, 4 Abstencíons e 2 en contra Sr. Henrique Freixeiro e Sra. Josefina Maestu que constan nominalmente segundo a súa petición.

• Orzamentos para o ano 2020

O Presidente Sr. Puch comenta aos presentes que debido a que as actividades realizadas este ano están a ser poucas como consecuencia da Pandemia do Covid 19, os gastos previstos nos orzamentos non se poden cumplir, do mesmo xeito, a xustificación da subvención da Xunta estaría por debaixo do concedido. Nesta ocasión a Xunta de Galicia e con carácter extraordinario froito da crise sanitaria que estamos a vivir, permitirá redistribuir as partidas a xustificar nas diferentes modalidades deportivas, para non ter que devolver parte do dñeiro do Convenio de colaboración firmado.

• Calendario 2020 e organización de Actividades para 2021

O Presidente Sr. Puch comenta a nova situación do calendario hasta final de ano debido a situación actual polo COVID. Envíouse o calendario a todos os asistentes comunicando que a actividade prevista de Marcha Nórdica foi suspendida debido a que o Concello da Coruña decidiu non participar pola situación da pandemia. Coméntase a inclusión dun Encontro Anual de Escaladoras FEDME que se podería celebrar sempre e cando a FEDME cubra os gastos do mesmo, xa que non está incluído no orzamento.

Este calendario e unha previsión, xa que é existe a posibilidade de que cambien as condicións sanitarias e non se poidan realizar todas.

O Sr. Puch propón repetir a mesma organización das actividades para o próximo ano polas mesmas entidades.

• Baremo 2019

O Sr Carlos Garrido comenta que os datos do baremo son incorrectos, as puntuacións asignadas ao seu Club non se corresponden en ningún dos conceptos. Detéctase un erro na asignación de puntos respecto as formulas do baremo.

O Sr. Henrique Freixeiro pon en coñecemento da Asemblea que na Web figura o baremo antigo, pese a que aplícase o novo. Posponse este punto da orde do día por non dispor de datos válidos neste momento.

• Rogos e preguntas

A Sra. Josefina Maestu solicita segundo o artigo 97 dos estatutos, que se publiquen no taboleiro de anuncios da FGM todos os acordos dos órganos de representación e goberno, e sexan comunicados aos membros da Asemblea.

Así mesmo, solicita que se utilice na administración da FGM o programa Play Off para facturar as licencias federativas.

Dase por concluída a Asemblea Ordinaria as 22:00h

Adolfo Puch Domínguez
Presidente

Manuel Domínguez Iglesias
Secretario Xeral